

**OS LADRÓNS NO VELORIO**

**NOME DO DOCUMENTO:** MPG\_IgBa\_0017\_040\_01\_en\_0\_52\_09\_id729\_D  
**AUDIO DE REFERENCIA:** MPG\_IgBa\_0017\_040\_01\_en\_0\_52\_09\_id729.mp3



Museo  
do Pobo  
Galego

**TIPO DE DOCUMENTO:** Rexistro directo dun evento. Conto  
**MATERIAL DISPOÑIBLE:** Audio mp3 e ficha de transcripción  
**DURACIÓN:** 0:04:59



instituto de  
estudos das  
identidades

**DATOS DA RECOLLIDA**

**DATA DA RECOLLIDA:** 7-03-1983

- **LOCALIZACIÓN:**

**Lugar/ aldea/ barrio:** Xanceda  
**Parroquia:** San Salvador de Xanceda  
**Concello:** Mesía  
**Provincia:** A Coruña  
**País:** Galicia

- **INFORMANTE**

**Nome:** Veciño de Xanceda. Descoñecemos o nome: nas notas de recollida figura como “o pai de Concha Grobas Cernadas”

- **RECOLLEDOR/A:** Concha Grobas Cernadas
- **COMPILADORA:** Baldomero Iglesias Dobarrio
- **COLECCIÓN:** Baldomero Iglesias (Mero)

- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**

**Título xenérico:** Os ladróns no velorio  
**Tipo:** Anécdotas e chistes  
**Subtipo:** Historias sobre homes – Sucesos afortunados  
**Referencia:** 1654

## CONTEXTO

Baldomero Iglesias, “Mero”, é ben coñecido polo seu traballo no campo da música tradicional galega, pero o seu labor de pescuda e salvagarda abrangueu ademais outros aspectos da nosa tradición oral como é o caso da narrativa. Durante a súa extensa etapa como docente promoveu entre o seu alumnado, como actividade didáctica, a recollida a familiares e persoas maiores de contos, lendas, historias de vida, cantigas, e todo tipo de manifestacións da oralidade. Todo este material foi incorporado á súa colección persoal - da que o APOI é depositario - o que permitiu a súa conservación e posta en valor. Todo un exemplo da importancia de fomentar o diálogo interxeracional, que permite a transmisión de coñecementos entre a xente maior e a xente nova e a preservación da herdanza cultural.

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi realizada polo persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

## BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

- NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.  
 NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratrea.  
 NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

## PALABRAS CHAVE

conto, narración, chiste, anécdota, ladrón, velorio

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias



## TRANSCRICIÓN

Unha vez era un matrimonio e vivían nun puebliño e ó lado había un zapateiro e entonces o home pensaba ca muller non lle quería ben, e díxolle ó zapateiro:

- Miña muller non me quere ben.

E dixo:

- Bueno, ho, bueno, non penses mal que a túa muller como che vai querer mal e tal.

- Noon, non me quere ben – dixo. - Pa saber se me quere ben ou non, voume facer o morto a ver se chora por min. E ti, como eu non estou morto - daquela entonces velábanse os defuntos na ighlesia – e díxolle ó zapateiro:

- Ti dis que te queres aproveitar da luz, e que se fan o favor de te deixar velarme.

E así foi: vai o sapateiro, fíxose o morto, levárono pa igrexa e tal, e entonces o zapateiro foi e dixo - daquela entonces non había luz eléctrica ni mucho menos, foi aló no ano da pera - e dixo o zapateiro; á muller deulle o pésame e tal e dixo:

- Pois agora claro, como eu ando mal de luz e tal e mal de luz, iba de boa ghana si me fixeran o favor se velaba o morto e mais aproveitábame para traballar alí no meu oficio, e tal.

- Si, home, si.

- Bueno, pois xa está.

E entonces de noite había un patrón que sempre estaba metido na ighlesia, e era coxo e andaba arrimado das muletas e estaba metido sempre nun confesionario. E entonces claro, el estivo alí acurriñado e tal, e o zapateiro estaba alí co morto, e máis traballando no seu oficio.

E entonces, alá na alta noite cheghou unha pandilla de ladrós rouba-la ighrexia, e entonces o zapateiro escondeuse, e o morto quedou alí na caixa, pero non estaba morto, que estaba vivo. E entonces encima de donde estaba o cadáver posto, encima dunha mesa, pois repartiron os cartos que roubaron alí na ighlesia, e máis os que traian doutro lado, que roubaran noutro lado. E entonces así que tiñan os cartos cada un o que lle tocaba diante de sí, dixo un:

- Vou mirar qué teñen os mortos por dentro.



E colleu un cuchillo e levantou a tampa da caixa e entonces o morto, como non estaba morto, que estaba vivo, levantouse na caixa e dixo:

- Arriba difuntos!

E dixo o sapateiro:

- Allá vamos todos juntos!

Pero entonce - lo vello claro, tamén saliu tocando nas, nos pés e máis nas muletas e tal, a carreiras, e os ladrós colleron un timor terrible e escaparon e xa deixaron quedar os cartos alí; xa non colleron siquera os cartos.

E entonces, despois repartiron o zapateiro e mai - lo morto, repartiron os cartos.

E entonces os ladróns marcharon a unha carballeira moi lexos, e ningún... todos tiñan medo por volver a ighrexia a ver que había alí.

E o zapateiro e mailo outro repartiron os cartos e claro das contas feitas, había unha perra desconvinada que non...; un tiña que quedar sen unha perra, e decíalle o zapateiro:

- Pois a perra é miña porque se eu non dixera “allá vamos todos juntos”, matábante a ti e máis levaban os cartos.

E decía o outro:

- E se eu non digo “arriba defuntos”? Matábanme a min e máis pois claro, matábante a ti e máis ó vello coxo.

E estaban así e tal, e entonces o ladrón, veu un escoitar a ver como estaba... se había moita cantidá de xente alí. E senteu discutire ó zapateiro e mai-lo morto pola perra, e botou a correr e chegou xunto os outros e dixéronlle:

- Que? Hai moito?

- Ca! Eso debe ser unha barbaridá – dixo - Mira os cartos que traíamos, tantos cartos como traíamos e tocoulle unha perra namais a cada un, e un aínda quedou sen ela, que non chegou, que non chegaron a cada un a súa perra, e aquel está levado dos demos cos outros pola perra.

E claro, deixáronlle os cartos ó zapateiro e máis ó morto.

O conto acabouse.